

Alberto González-Garcés | “O pasado está modificado, o presente escápase das mans e o futuro é o que imaxinamos”

Tras adentrarse na poesía, publica un segundo libro, esta volta de relatos: ‘Somos o que imaxinamos’. Esta tarde preséntao na biblioteca Miguel González-Garcés, nun acto no que tamén quere reivindicar unha posible candidatura do seu pai para as Letras Galegas.

[Óscar Ulla](#) 28 de maio de 2025

<https://www.elidealgallego.com/articulo/a-coruna/alberto-gonzalez-garces-pasado-esta-modificado-presente-escapase-das-mans-e-futuro-e-imaginas-5306809>

Tras unha primeira incursión na poesía, **Alberto González-Garcés** adéntrase agora no mundo dos relatos cun novo libro, ‘**Somos o que imaxinamos**’ (Medulia), unha obra que presenta esta tarde no lugar máis acaecido, a **biblioteca Miguel González-Garcés** (19.00 horas), acompañado da directora do centro, Alejandra Mosquera, da xornalista Silvia Tasende e do poeta e editor Xulio Valcárcel.

“A poesía, a verdade, gústame moitísimo, síntome moi identificado con ela, cando escribo poesía sinto que son eu”, apunta González-Garcés, pero matiza: “**Escribir poesía tamén é un esforzo increíble**, cada vez que escribo un poema, sufro”, di entre risos. Por ese motivo, desta volta apostou polos relatos, nos que mestura ficción e realidade, con historias alleas e vivencias propias, mesturando nas mesmas páxinas o pasado, o presente e o futuro.

Despois da xubilación e cando irrumpiu a pandemia da covid, o poeta e narrador explica que descubriu algo que até ese momento non tiña en exceso: tempo. Con ese valioso regalo debaixo do brazo, “dediqueime a escribir relatos para dúas cousas: **para relaxarme e pasalo ben, pero tamén pensando en que podería ser de interese, divertido ou agradable para posibles lectores**”.

O proceso

González-Garcés ten claro que, como o que lle custaba máis era escribir poemas, o salto cara o relato non foi complicado. “Divírteme moito escribir relatos, custoume máis traballo escribir a poesía”, aínda que matiza que tampouco foi unha tarefa doada, xa que detrás de ‘Somos o que imaxinamos’ hai moita documentación e moitas lecturas, sobre todo de clásicos, entre os que o autor cita a ‘Odisea’ ou a ‘Divina Comedia’.

“Partindo dunha realidade, a base de imaxinación van saíndo os relatos, mestúrase o pasado, o presente, o futuro, a realidade, a ficción...”, enumera González-Garcés, que para explicar o corpus da súa obra menta a Borges e a Delibes. **“Delibes é moi realista, Borges é a imaxinación.** Pero os dous chegan á conclusión de que as cousas suceden como suceden, **as cousas poderían acaecer de calquera maneira,** pero, ao final, suceden como suceden e todas ocorren agora e me ocorren a min, é moi curioso”, explica cun sorriso.

A raíz destes dous autores e da súa propia nova creación, o escritor teoriza sobre o tempo. “Na proposta do libro, todo vén dun **pasado,** pero, cando o recordamos, seguramente non foi como o estamos a recordar, está **modificado polo recordo. O presente, chega e marcha.** E, entre o pasado e o presente, estamos **planificando o futuro, para nós e para o noso entorno, incluso para máis alá da nosa existencia.** É todo curiosísimo: o pasado está modificado pola imaxinación, polo falseamento dos recordos; o presente escápase das mans e o futuro é o que imaxinamos”, comenta.

O humor tampouco é alleo á nova obra de González-Garcés. É o caso dun dos primeiros relatos, no que o autor **pón a Ulises a fundar Muros.** “É marabilloso, **é simpaticuíssimo,** pero para chegar aí, hai que ter ben lida a ‘Odisea’, a ‘Divina Comedia’ e outros clásicos”.

Letras Galegas

Pero o de hoxe non será só un acto de presentación dun libro ao uso. Será tamén unha oportunidade para apoiar unha proposta xurdida hai unhas semanas: a de **que se lle adiquen as Letras Galegas ao poeta Miguel González-Garcés,** pai de Alberto González-Garcés.

O autor asegura que “aínda que **é unha cousa dos académicos**”, parécelle unha oportunidade perfecta para que a sociedade se sume á proposta, axudando deste xeito a “que fagan todo o que poidan”. O poeta, nado na Coruña en 1916, faleceu no 89, aos 73 anos. Adicouse á investigación histórica, así como ao xornalismo e á literatura, onde cultivou a poesía.